



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN
PROFESIONAL



IES BASANTA SILVA
VILALBA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

Cidade Cultural Manuel Fraga s/n
27800 VILALBA

Tlf. 982 870 872
Fax 982 870 885

e-mail: ies.basanta.silva@edu.xunta.es

Web: www.edu.xunta.es/centros/iesbasantasilva

PLAN DE CONVIVENCIA

(APRENDENDO A CONVIVIR)



I.E.S BASANTA SILVA

VILALBA

DECEMBRO 2019

ÍNDICE

	Páx.
1.NECESIDADES_____	2
2.OBXETIVOS_____	2
3.NORMAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA_____	4
4.MEDIDAS : ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN_____	4
• PROFESORADO_____	5
• FAMILIA_____	7
• ALUMNADO_____	8
• FORZAS DE SEGURIDADE E SERVIZOS SOCIAIS_____	13
5.MECANISMO DE COORDINACIÓN ENTRE FAMILIAS, CENTRO E CONTORNO ESCOLAR_____	15
6.ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA_____	15
7.SEGUIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN_____	15

ANEXOS (VER ARQUIVOS)

- PROTOCOLO AULA DE CONVIVENCIA
- PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS
- PROTOCOLO DE MEDIACIÓN ESCOLAR
- PROTOCOLO DE PREVENCIÓN - INTERVENCIÓN NO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO (Consellería de Educación)
- PLAN DE ACOLLIDA DO NOVO PROFESORADO.
- NOF

1. NECESIDADES

Todos nós aprendemos a ser persoas a través da convivencia cos demais e esa aprendizaxe debe desenvolverse nun entorno de pluralidade. Por iso, o Plan de Convivencia do noso IES ten como principio promover e desenvolver actuacións encamiñadas á mellora da convivencia. Pretendemos con este plan desenvolver adecuadamente as relacións entre todos os compoñentes da nosa comunidade educativa, a súa implicación e a súa participación.

Traballamos nun centro no que se imparten o Ensino Secundario Obrigatorio e o Bacharelato en dúas modalidades, Científico e Humanidades e Ciencias Sociais. Con respecto á Atención á Diversidade hai alumnado de PMAR, reforzo educativo, adaptacións curriculares de alumnado con N.E.E., alumnado con trastorno de conduta, alumnado procedente do estranxeiro, etc. Contamos, polo tanto, como vemos, con moita diversidade no alumnado; e hai que ter en conta, ademais, que a estrutura física do centro moitas veces dificulta a labor de convivencia, xa que dispoñemos de tres edificios de aulas xunto cun ximnasio, un polideportivo e 2 pistas deportivas..

Como norma principal temos a prohibición do uso do teléfono móbil no centro educativo, xa que se observaba que traía moitos problemas de convivencia entre o alumnado, soamente poderá ser usado con fines educativos cando o profesorado así o precise.

A respecto do cadro de persoal co que conta o centro diremos que descendeu tanto o número de profesorado como do alumnado, en relación a cursos anteriores.

2.OBXETIVOS

A finalidade do Plan de Convivencia é favorecer propostas educativas que axuden a:


- *Conseguir a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e exercitar a tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.*
- *Prevenición de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, partindo dunha concepción do conflito como un proceso natural que se desencadea a partir da contraposición de intereses e que é necesario para o desenvolvemento psicosocial dos individuos.*
- *Sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia da convivencia positiva.*

Os obxectivos do Plan van na liña de atención de todos e cada un dos sectores da Comunidade Educativa coa intención de motivar ao profesorado, alumnado e ás familias sobre a importancia de crear un bo clima de convivencia no centro.

- *Educar nos principios de convivencia pacífica e nos valores democráticos (solidariedade, tolerancia, participación, igualdade e respecto) para avanzar na formación dunha cidadanía crítica e responsable.*
- *Fomentar os valores, as actividades e as prácticas que permitan mellorar o grao de*

aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade.

- Fomentar o diálogo como factor favorecedor da prevención e resolución pacífica de conflito implicando a todos os sectores da comunidade educativa
- Previr situacións de violencia e agresividade entre os membros da Comunidade Educativa.
- Impulsar relacións fluídas e respectuosas entre os distintos sectores da Comunidade Educativa favorecendo a cooperación.
- Difundir as normas básicas das NOF do centro, así como as razóns das mesmas e as medidas correctoras polo seu incumprimento tanto entre o alumnado como entre as familias.
- Fomentar a mediación como ferramenta para a resolución de conflitos.
- Propiciar un bo clima de convivencia.
- Mellorar a acción titorial.
- Coñecer estratexias para a prevención de condutas disrutivas.



3. NORMAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Segundo o decreto 8/2015 no artigo 6 especificáanse a composición e funcións da comisión de convivencia:

Estará composta por profesorado, familias, alumnado e persoal de administración e servizos, presidida polo/a director/a do centro. Os seus membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen por que ser necesariamente. Ten carácter consultivo.

As funcións principais:

- *Elaborar e dinamizar o Plan de Convivencia na comunidade educativa.*
- *Adoptar medidas preventivas para o cumprimento das normas do centro.*
- *Impulsar acción dirixidas á promoción da convivencia.*
- *Propor ao Consello Escolar medidas para mellorar a convivencia.*
- *Propor a persoa titular do equipo de mediación.*
- *Coñecer o cumprimento das medidas correctoras.*
- *Realizar o seguimento do Plan de Convivencia.*
- *Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro.*
- *Aquelas outras que sexan encomendadas polo Consello Escolar ou a Administración.*

Reunións: *unha trimestral e as que se considere oportunas o longo do curso.*

4.MEDIDAS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN

É evidente que para lograr unha mellora da convivencia no centro, precísase da participación e implicación de todos os membros da comunidade educativa, de xeito que, partindo do traballo diario se desenvolvan actuacións específicas en beneficio da mesma. De acordo con isto determinaranse actuacións para o profesorado, familias e alumnado. Priorizaremos aquelas actuacións preventivas destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas precisas para a convivencia pacífica e respectuosa. Para iso utilizaremos o Plan de Acción Titorial, a aula de convivencia do centro, as xornadas de acollida ao alumnado e ás familias, as reunións periódicas co profesorado titor, equipo directivo, departamento de orientación, familias, delegados, mediadores/as etc., segundo proceda, entre outras accións, para a súa divulgación e interiorización.

ACTUACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA: PROFESORADO

TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDA DE	TEMPORAL.	RECURSOS
<i>Organizativo-coordinación</i>	<i>Recollida de información académica, de conduta, integración, etc., do alumnado de nova incorporación (1ºESO)</i>	<i>Reunión cos/coas orientadores/as de primaria dos centros adscritos</i>	<i>Xefatura de estudos e D. Orientación</i>	<i>Xuño</i>	<i>Informes</i>
<i>Organizativo</i>	<i>Plan de acollida ao novo profesorado. Entrega das NOF e documentación necesaria con aspectos peculiares do centro.</i>	<i>Claustro</i>	<i>Equipo directivo +Departamento de orientación</i>	<i>Setembro</i>	<i>CARPETA CON: guión de acollida, materiais PAT, plans NOF, etc.</i>
<i>Organizativo</i>	<i>Seguimento semanal de : comportamento, asistencia a clase, rendemento escolar, etc.</i>	<i>Atención personalizada</i>	<i>Titores/as +profesorado</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Documentación oficial do centro. Horario TP e TA. Protocolo de absentismo.</i>
<i>Organizativo</i>	<i>Reunión da comisión de convivencia, análise de incidentes e adopción de medidas</i>	<i>Reunión</i>	<i>Membros da comisión</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Documentación precisa: rexistro de acordos, etc.</i>
<i>Coordinación</i>	<i>Explicación ao profesorado de normas de convivencia, funcionamento das gardas, instalacións do centro, etc.</i>	<i>Reunión</i>	<i>Xefatura de estudos</i>	<i>Setembro</i>	<i>Documentación precisa elaborada por xefatura</i>

<i>Prevención</i>	<i>Entrega de estratexias de prevención de condutas disruptivas nas aulas.</i>	<i>Reunión Correo electrónico</i>	<i>D. Orientación,</i>	<i>1ª semana de outubro</i>	<i>Guión de estratexias</i>
<i>Curriculares</i>	<i>Impulsar aos departamentos á realización e deseño de actividades que melloren a convivencia e o clima na aula.</i>	<i>Comunicación aos departamentos para ter en conta nas programacións.</i>	<i>Xefatura de estudos Xefes/as de departamento</i>	<i>Setembro</i>	<i>Material escolar Material audiovisual</i>
<i>Prevención</i>	<i>Elaboración de normas no centro e na aula.</i>	<i>Traballo en grupos de profesores de aula.</i>	<i>Departamento de Orientación Titores/as Profesorado de áreas</i>	<i>Outubro+ Novembro</i>	<i>Aulas + grupo Taboleiro de anuncios</i>
<i>Intervención destinada a familias, alumnado e profesorado</i>	<i>Posta en marcha da aula de convivencia</i>	<i>Difusión pola web, titorías, xornadas de acollida.</i>	<i>Responsables da aula D. Orientación Xefatura de estudos</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Espazo físico Protocolo de actuación</i>
<i>Intervención</i>	<i>Identificar e detectar casos de acoso escolar.</i>	<i>Seguimento a través de reunión de titores/as + profesorado</i>	<i>Todo o profesorado D. Orientación</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Protocolo de actuación ante acoso escolar.</i>

<i>Intervención</i>	<i>Medidas correctoras atendendo ás NOF ante condutas contrarias á convivencia.</i>	<i>Reunión titor/a, Xefe de estudos</i>	<i>Xefatura de estudos, Director/a</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>NOF</i>
ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA: FAMILIAS					
TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDA DE	TEMPORAL.	RECURSOS
<i>Organizativas</i>	<i>Reunión coas familias de nova incorporación o noso centro (1º ESO)</i>	<i>Reunión</i>	<i>Dirección e Departamento de orientación</i>	<i>Xuño</i>	<i>Guía para a familia sobre o funcionamento do centro.</i>
<i>Organizativas</i>	<i>Reunión coas familias para informar sobre o funcionamento do centro, normas, protocolos (mediación, acoso escolar, etc.)</i>	<i>Reunión ao comezo do curso.</i>	<i>Equipo directivo Titores/as</i>	<i>Outono</i>	<i>Guión titores/as, pautas para as familias de estratexias de actuación ante condutas disrutivas.</i>
<i>Coordinación</i>	<i>Información semanal (hora de titoría) e mediante correo electrónico e ABALAR móbil coas familias</i>	<i>Medios tecnolóxicos</i>	<i>Todo o profesorado</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Móbil, ordenador e espazos físicos para reunión.</i>
<i>Prevenición-coordinación</i>	<i>Entrevistas coa familia para informar sobre o/a alumno/a de maneira individual, en aspectos académicos, conductuais, etc.</i>	<i>Reunións individuais</i>	<i>Orientadora Titores/as</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Segundo proceda</i>

<i>Intervención</i>	<i>Pautas para as familias en resolución de conflitos e ante a problemática do alumno/a.</i>	<i>Entrevistas</i>	<i>Orientadora Equipo de Orientación Especifico de Lugo</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Segundo proceda</i>
<i>Intervención</i>	<i>Reunión da comisión de convivencia cando proceda, onde estea a figura dun pai/nai.</i>	<i>Reunión trimestral e o que sexa preciso.</i>	<i>Membros da comisión de convivencia.</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Segundo proceda</i>

ACTUACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA: ALUMNADO

TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDA DE	TEMPORAL.	RECURSOS
<i>Prevención Coordinación</i>	<i>Plan de acollida ao alumnado de novo ingreso (información do funcionamento do centro) Visita ao centro educativo</i>	<i>Recibimento no Salón de Actos</i>	<i>Equipo directivo D. Orientación</i>	<i>Finais de xuño antes do comezo do curso de 1º ESO.</i>	<i>Guía de benvida instituto (normas, estrutura da ESO, etc.)</i>
<i>Prevención</i>	<i>Difusión das NOF Consensuar normas na aula</i>	<i>Grupos de traballo</i>	<i>Titores/as</i>	<i>Setembro</i>	<i>NOF Guía do clima de clase Murais</i>

<i>Prevención</i>	<i>Xornadas de acollida ao novo curso escolar a todo o alumnado.</i>	<i>Recibimento no salón de actos, e despois, acompañamento por parte dos/as titores/as</i>	<i>Titores/as + equipo directivo</i>	<i>Setembro</i>	<i>Guión para o profesorado titor de aspectos a tratar.</i>
<i>Prevención</i>	<i>Diferentes actividades de orientación académica-profesional</i>	<i>D. Orientación Entrevista individual Hora de tutoría</i>	<i>Titores/as Orientador/a</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Os recollidos no Plan de Orientación Académica Profesional.</i>
<i>Prevención- Coordinación</i>	<i>Reunión co departamento de orientación de primaria para obter información dos/as alumnos/as en situación desfavorecida ou con discapacidades.</i>	<i>Desprazamento a centros de primaria para reunións con orientadores/as e profesorado</i>	<i>Orientador/a</i>	<i>Xuño e setembro</i>	<i>Folla de recollida de datos</i>
<i>Prevención</i>	<i>Torneos deportivos na hora de lecer</i>	<i>Participativa</i>	<i>Departamento de educación física e actividades extraescolares</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Os precisos para cada deporte</i>
<i>Prevención</i>	<i>Formar mediadores/as</i>	<i>Participativa</i>	<i>Departamento de orientación e xefatura de estudos</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Protocolo de mediación</i>

<i>Prevención-coordinación</i>	<i>Actividades propostas pola xunta de delegados.</i>	<i>Reunións con delegados/as</i>	<i>Vicedirección, Orientación, Xefatura de estudos</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Os que sexan precisos</i>
<i>Prevención-curriculares</i>	<i>Diferentes actividades de educación en valores en todas as materias, e titorías</i>	<i>Participativa Dinámicas de grupos</i>	<i>Profesorado de dita área + titores/as</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Guía de educación en valores Medios audiovisuais</i>
<i>Prevención</i>	<i>Habilidades sociais, resolución de conflitos, autoestima, etc., na aula de convivencia e nas aulas nas horas de titoría.</i>	<i>Grupal Individual</i>	<i>Orientador/a</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Diferentes actividades de dilemas morais. Pautas para habilidades sociais Cuestionarios</i>
<i>Prevención-curriculares</i>	<i>Taller de prevención de violencia de xénero e igualdade.</i>	<i>Grupos de traballo Murais Obradoiros</i>	<i>Titores/as Departamento de Orientación CIM (Concello de Vilalba) Plan director (Garda civil)</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Recursos materiais elaborados para ditos talleres. Charlas e talleres impartidos por profesionais.</i>

<i>Prevención-curriculares</i>	<i>Taller de educación para a saúde e prevención de drogodependencias</i>	<i>Grupo - aula</i>	<i>Psicóloga do concello + titores/as + Orientación</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Guía de actividades de prevención. Cadernos de alumnos/as etc.</i>
<i>Prevención - coordinación</i>	<i>Charlas informativas: acoso escolar, perigos nas redes sociais, etc.</i>	<i>Grupo-aula Salón de actos</i>	<i>Membros da garda civil</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Medios tecnológicos</i>
<i>Prevención</i>	<i>Dinámicas de grupos, resolución de problemas, dilemas morais etc con diferentes temáticas</i>	<i>Grupo-aula Debates Traballos en grupo</i>	<i>Titores/as + D. orientación</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Os recollidos no plan de acción titorial</i>
<i>Prevención - curriculares</i>	<i>Taller de sexualidade</i>	<i>Debates Grupo-aula</i>	<i>Titores/as Programa de quérote(consellería de xuventude)</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Materias recollidas no programa de sexualidade</i>
<i>Prevención - coordinación</i>	<i>Análise de textos que versen sobre a violencia e a paz.</i>	<i>Debates</i>	<i>Diferentes departamentos</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Fotocopias de diferentes textos adaptados a idade do alumnado</i>

<i>Prevención</i>	<i>Obradoiro de Resolución de conflitos</i>	<i>Dinámica e participativa</i>	<i>Concello de Vilalba</i>	<i>Segundo trimestre</i>	<i>Material didáctico</i>
<i>Prevención-curriculares</i>	<i>Exposición de murais no vestíbulo, corredores do centro educativo, aulas, todos elaborados polo alumnado con diferentes temas.</i>	<i>Creativa</i>	<i>D. Orientación Equipo directivo Titores/as</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Espazo físico Paneis</i>
<i>Prevención</i>	<i>Buzóns de suxestións, queixas, etc., nos corredores do centro educativo</i>	<i>Denunciar situacións conflictivas de forma anónima.</i>	<i>Orientador/a</i>	<i>Todo o curso</i>	
<i>Prevención-curricular</i>	<i>Traballar a temática do acoso escolar</i>	<i>Nas titorías e nas diferentes área.</i>	<i>Todo o profesorado</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Protocolo de acoso escolar.</i>
<i>Intervención</i>	<i>Análise de condutas de alumnos/as e intervención na modificación de ditas condutas.</i>	<i>Entrevista individual</i>	<i>Equipo de Orientación Específica Lugo Orientadora</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Axendas persoais Registros de condutas Diarios</i>
ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA: FORZAS DA SEGURIDADE E SERVIZOS SOCIAIS					
TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDA DE	TEMPORAL.	RECURSOS

<i>Prevención</i>	<i>Charlas sobre temática diversa: acoso escolar, internet, etc.</i>	<i>Informativa</i>	<i>Garda civil Policía nacional</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Plan Director de convivencia</i>
<i>Intervención</i>	<i>Visitas polos arredores do centro educativo na hora de lecer</i>	<i>Participativa</i>	<i>Garda civil Policía municipal</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Os precisos no seu momento</i>
<i>Intervención</i>	<i>Comunicar ás forzas de seguridade de roubo de materiais do centro, etc.</i>	<i>Participativa</i>	<i>Garda civil Equipo directivo</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Os precisos no seu momento</i>
<i>Intervención</i>	<i>Comunicación con servizos sociais ante unha situación de absentismo escolar.</i>	<i>Reunións</i>	<i>Departamento de Orientación Equipo directivo</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Protocolo de absentismo</i>
<i>Intervención</i>	<i>Comunicación fluída con servizos sociais de información que pode repercutir no alumnado sobre situacións desfavorecidas, inmigrantes, etc.</i>	<i>Reunións</i>	<i>Orientadora Servizos sociais</i>	<i>Todo o curso</i>	<i>Ficha de recollida de datos</i>

Para poder coordinar e levar a cabo ditas actuacións contamos cos seguintes recursos humanos:

Para poder realizar moitas actividades usaremos os seguintes recursos materiais:

- Materiais elaborados que se encontran nos Anexos dos plans recollidos no PE.
- Protocolos que se achegan a dito Plan de Convivencia.
- Materiais elaborados no D. de Orientación para as titorías (dinámicas de grupos, resolución de conflitos, dilemas morais, etc.)
- NOF
- Páxinas webs da Consellería de Educación:
 - Plan valora: traballa educación para a paz, igualdade, o lecer, etc.:

<http://www.edu.xunta.es/valora>

- Plan de convivencia escolar: ofréceselle á comunidade educativa materiais e recursos que axuden no traballo escolar

<http://www.edu.xunta.es/convivencia>

- Portal de convivencia (MEC):

<http://www.convivencia.mec.es/>

- Educación en valores: convivencia:

<http://www.educacionenvalores.org/>

5. MECANISMO DE COORDINACIÓN ENTRE FAMILIAS, CENTRO E CONTORNO ESCOLAR.

Existe unha coordinación durante todo o curso escolar, para realizar as actividades do Plan de Convivencia, entre todos os membros da comunidade educativa, (familias, profesorado, alumnado, persoal non docente, departamento de orientación, comisión de convivencia, equipo directivo) así como con outras institucións externas ao centro educativo como: Servizos Sociais do Concello, forzas de seguridade, departamento de orientación de Primaria, Equipo Específico de Orientación Lugo, psicóloga do concello, CIM do concello de Vilalba, etc.

Dita coordinación levase a cabo a través de: reunións, telefonicamente, correo electrónico, organización de talleres conxuntamente con outras institucións a través do departamento de orientación, intervención directa co alumnado e familias .

6. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia difundirase a través dos diferentes medios para poder chegar a todos os membros da comunidade educativa para elo servirémonos do seguinte:

- *Reunión a comezo do curso coas familias (medios tecnolóxicos e folletos informativos)*
- *Claustros, Consello Escolar.*
- *ANPA*
- *Titoréas e diferentes áreas curriculares.*
- *Web do centro educativo.*
- *PE*

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

A Comisión de Convivencia realizará o seguimento e coordinación do Plan de Convivencia Escolar ao longo do curso, contando coa colaboración do Departamento de Orientación

Ao finalizar o curso, o Consello Escolar do Centro avaliará o Plan de Convivencia Escolar e elevará ao Equipo directivo as propostas de mellora, que xunto co claustro de profesores/as, serán tidas en conta para a actualización do mesmo. Para a realización de dita avaliación recollerase información sobre:

- *Actividades realizadas*
- *Formación relacionada coa convivencia*
- *Recursos utilizados*
- *Apoios externos precisos*
- *Porcentaxe de corrección imposto*

Para a realización do informe, será moi importante a aportación trimestral que realice a comisión de convivencia respecto ao seguimento do Plan. Este informe figurará na memoria anual e incluírá:

a) En relación á avaliación do Plan de Convivencia:

- *Nivel de consecución dos obxectivos propostos*
- *Grao de participación dos diferentes compoñentes da comunidade educativa*
- *Valoración dos resultados, propostas de continuidade e mellora*

b) En relación coa aplicación dos resultados das normas de convivencia:

- *Análise dos problemas detectados*
- *Proposta de medidas que favorezan a mellora da convivencia*

Este Plan de Convivencia foi revisado en Decembro de 2019, e aprobado pola directora do centro educativo. Comunicado ao claustro de dita revisión o 14 novembro 2019.

Documento de larga duración para incorporar no P.E. e, revisión, en función da lexislación vixente.